

# Poemas

Anxela Traveso Fernández

Beatriz Miranda Castaño

4<sup>B</sup>

## Máis aló do tempo

Ese silencio, que corrompe todos e cada un dos recunchos que forman a túa alma.

Sénteste identificado, pois con ela naciches con ela pasaches os mellores momentos da túa infancia. Sentes que no fondo estásille fallando, que a estás deixando morrer. Non permitas que a voz do silencio mate os fermosos recordos de tempos que tal vez endexamais volten.

O galego deuche a vida, agora tócache a fi.

Ollándonos

I.E.S. Daviña - Rei Ollándonos@hotmail.com 27/11/09

nº 151

## Buscando entre a soidade

Mirando ao lonxe unha esperanza aparece una súa mirada unha raiola de luz asomaba aos seus ollos deixando caer una bágoa confundida ...

Intenta entender por que as ilusións acaban por facerse papel ... por que os soños desaparecen sen razón, sen explicación ...

Sentimentos que non se van lonxe, aínda que queira esquecer ... Chea esta de dor, non quere chorar, odia chorar por amor ...

Está cansa de vivir nunha mentira, nun engano, entre falsos bicos e abrazos!!

O horizonte chíscalle un ollo indicándolle o camiño a seguir, onde poder crear un mundo lonxe da desilusión, onde a debilidade non sexa un problema, onde o esquecemento sexa profundo e non tan profundo ...

Segue mirando ... respira fondo e pensa en pasos que dar, en decisión que tomar,

nas forzas para loitar contra un pasado que a fixo sufrir ...

Aí se ve sentada cos ollos pechados, perdida nos pensamentos ...

Soa na súa soidade sen ninguén que comparta un só momento ...

esta vez, nota como arde no seu interior ... e alí segue mirando ao lonxe buscando una nova esperanza que a faga sorrir outra vez ...



# Ollándonos

nº152

I.E.S. Daviña Rei ollándonos@hotmail.com 6/IV/09



## POSITIVO BALANCE DA ESTANCIA LINGÜÍSTICO-CULTURAL DO DAVIÑA REI EN BÉLXICA

Moi positiva en tódolos aspectos foi a estancia en Bélxica dun grupo de alumnos e profesores do IES Francisco Daviña Rei de Monforte de Lemos, que regresaron do país francófono do norte de Europa días atrás.

Na actividade, organizada polo departamento de Francés, participaron un total de 23 alumnos dos niveis de ESO e Bacharelato, acompañados por tres profesores. O obxectivo da mesma era coñecer diversos e emblemáticos lugares de dito estado, ao tempo que poñer en práctica os coñecementos da lingua francesa aprendidos na aula.

O primeiro destino foi a capital, Bruxelas. Nela os estudantes de Monforte e arredores visitaron a sede do Parlamento Europeo, onde recibiron unha moi completa información do seu funcionamento. Puideron asistir igualmente dende as tribunas ao desenvolvemento dunha comisión e recibiron respostas ás súas dúbidas

por parte de funcionarios e europarlamentarios de dita institución.

Igualmente na cidade do Maneken Pis, visitaron os seus principais monumentos, como a catedral ou a Grande Place, ao tempo que realizaban diversas actividades lingüístico-culturais, que lles permitían practicar os seus coñecementos idiomáticos.

Outro dos grandes eixes, como o flamenco e o valón, foron epicentros tamén das actividades de docentes e alumnos monfortinos. Bruxas, cos seus canais, o seu Beguinage, ou Gante, co seu castelo ou as súas singulares arquitecturas, ocuparon a xornada dedicada á rexión de Flandes. Na Valonia o destino foi Lieixa, onde igualmente os estudantes puideron coñecer o centro escolar "Saint Nicolas" e participar nunha inte-

resante charla con Jean Luc Davagle, asesor literario, anfitrión nesta cidade da expedición do Daviña Rei e "alma mater" do concurso internacional en lingua francesa para adolescentes no cal o noso instituto ven participando nos últimos anos.

En resumo moitas cousas vistas e moito traballo desenvolvido por parte dos vinte-tres estudantes que puideron participar na viaxe, que o departamento de Francés organizou e do que extraeu un máis que positivo balance.





**HOXE EXISTEN CINCO TIPOS DE NENOS NO NOSO PLANETA: O NENO CLIENTE ENTRE NÓS, O NENO PRODUTOR NOUTROS LUGARES, MÁIS ALÁ O NENO SOLDADO, O NENO PROSTITUÍDO E, NOS PANEIS CURVADOS DO METRO, O NENO MORIBUNDO CUXA IMAXE, PERIODICAMENTE, COLOCA PERANTE A NOSA LASTITUDE A MIRADA DA FAME E DO ABANDONO.**

**SON NENOS, OS CINCO.**

**INSTRUMENTALIZADOS, OS CINCO.**

I.E.S. Daviña Rei

[ollandonos@hotmail.com](mailto:ollandonos@hotmail.com)

6/IV/09

*Daniel Pennac, "Mal de escola"*




Manuel Feijoo

Ollándomos

I.E.S. Daviña Rei ollandomos@hotmail.com 27/III/09

nº 154

No mes de Xuño do 2008, visitei en San Clodio a casa de César Arias, un dos integrantes do Grupo Brais Pinto. Durante a conversa, puiden apreciar o importante labor que estes persoeiros realizaron a prol da recuperación da lingua e literatura galega durante a época franquista. A dicir verdade, resultou moi agradable e á vez interesante falar con aquel home que vía a miúdo tódolos veráns no río da aldea dos meus avós cando era cativo, pero do que non souben apreciar a súa valía ata pasados os anos.



O grupo Brais Pinto naceu en Madrid no ano 1958. O orixinal do seu nome é obra de Ferreiro e, como dixo César Arias “da súa cabeza tola”. Foi Reimundo Patiño, monfortino el, quen fixo o debuxo que se convertería no logotipo da posterior editorial Brais Pinto. Ademais dos xa citados, forman parte do Grupo autores de renome, coma Méndez Ferrín, Ramón Lorenzo, Fernández Ferreiro, Alexandre Criebeiro, Bernardino Graña (autor de *Poema do home que quixo vivir*, un dos primeiros libros publicados polo Grupo e que tiveron a ocasión de ver na edición orixinal), Bautista Álvarez e Herminio Barreiro. Vinculados ao Grupo, aínda que non membros del, atopamos a Novoneyra, Ben-cho-sey e Ramón Otero Pedrayo.

O labor fundamental do Grupo foi a dignificación político-cultural de Galicia e do galego. Para levala a cabo de maneira eficaz, o Grupo adoitaba reunirse no centro Galego de Madrid, presidido por Fraga, que non foi precisamente quen facilitou o labor do Grupo e no café “Los Mariscos”.

A partires de 1962 o Grupo entra nunha segunda etapa. O feito de que moitos dos membros marchasen de Madrid debilita o labor do Grupo, aínda que é nesta etapa cando se crea a editorial Brais Pinto (xa publicaran libros, pero non estaban digamos “legalizados” ata este ano).

O traballo desenvolvido por César Arias dentro do Grupo foi fundamental. Era o único que non era poeta, mais tiña un emprego estable. Para entendernos, podíamos dicir que era como unha especie de intendente. Vemos pois que, aínda que cando falamos do Grupo moitas veces nos esquecemos da súa figura, a súa actuación foi fundamental e de feito foi un dos que ficou en Madrid na segunda etapa e sacou adiante a editorial Brais Pinto.

A pesares dos anos, o Grupo segue vivo e ben vivo, realizando reunións anuais. Quedo cunha das últimas frases de César que me serve para resumir a importancia do Grupo na súa vida “o Grupo segue vivo”, continúan as ilusións do comezo. O importante é Galicia, a preocupación polo seu provir.”



# Ollándonos

# nº155

I.E.S. Daviña Rei

ollándonos@hotmail.com

7/V/09

## ACTIVIDADE LINGÜÍSTICA DE FRANCÉS NO CAMIÑO DE SANTIAGO - SARRIA

EL DEPARTAMENTO DE FRANCÉS DEL INSTITUTO FRANCISCO DAVIÑA REI DE MONFORTE ORGANIZÓ AYER UNA ACTIVIDAD LINGÜÍSTICA EN EL CAMINO DE SANTIAGO, EN CONCRETO EN LA LOCALIDAD DE SARRIA, EN LA QUE PARTICIPARON UN TOTAL DE 24 ALUMNOS DE ESO Y BACHILLERATO, ASÍ COMO TRES PROFESORES.

LA ACTIVIDAD EN SI ESTÁ CONSISTÍA EN CHARLAR CON PEREGRINOS FRANCÓFONOS EN DIVERSOS PUNTOS DE LA RUTA JACOBEA A SU PASO POR LA VILLA LUCENSE. LOS ALUMNOS DEBÍAN PREGUNTARLE UNA SERIE DE CUESTIONES RELACIONADAS CON ESTA CONCURRIDA RUTA, FRECUENTADA POR GENTES DE MÚLTIPLES NACIONALIDADES, CULTURAS DISPARES Y DIVERSAS LENGUAS. DICHAS CONVERSACIONES DEBÍAN SER ESCRITAS O GRABADAS, USANDO DE ESTA FORMA LAS NUEVAS TECNOLOGÍAS TIPO MP3, MP4 O TELÉFONOS MÓBILES.

IGUALMENTE LOS ALUMNOS DEL IES MONFORTINO DESARROLLARON OTRA ACTIVIDAD EN LENGUA FRANCESA. ASÍ, Y GRACIAS A LA COLABORACIÓN DESINTERESADA DE LA OFICINA DE TURISMO DE SARRIA, HOTEL ALFONSO IX-NH, CAFETERÍA XUXU, BAR CAMINO FRANCÉS Y ALBERGUE INTERNACIONAL, DESARROLLARON UNA PEQUEÑA CHARLA CON PERSONAS QUE POR RAZONES DE TIPO HOSTELERO, TURÍSTICO Y RESTAURADOR SE DESENVUELVEN EN LENGUA FRANCESA Y USAN DICHO IDIOMA EN SU ÁMBITO LABORAL. LA JORNADA EN SI SE COMPLETÓ CON UNA ACTIVIDAD DE GRAMÁTICA, QUE GIRABA ALREDEDOR DE UNA GUÍA DE LA VILLA SARRIANA EN LA LENGUA GALA.

EL DEPARTAMENTO DE FRANCÉS DEL DAVIÑA REI ORGANIZÓ ESTA ACTIVIDAD EN LA QUE LA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA COBRABA UN PESO DETERMINANTE, TANTO A LA HORA DE COMPRENDER COMO DE EXPRESARSE ORALMENTE. IGUALMENTE SE TENÍA EN CUENTA LA IMPORTANCIA DE UN ELEMENTO CULTURAL DE TANTA IMPORTANCIA COMO ES EL CAMINO DE SANTIAGO PARA PODER HABLAR EN UNA LENGUA EXTRANJERA Y DE ESTA FORMA PONER EN PRÁCTICA LO APRENDIDO EN EL AULA DE CLASE A DIARIO. RECURRIR A FACTORES DE ESTE TIPO, COMO ELEMENTOS INNOVADORES Y MOTIVANTES, ES OTRO DE LOS DESAFÍOS DE LA EDUCACIÓN, Y EN ESTE CASO DEL APRENDIZAJE Y PRÁCTICA DE UNA LENGUA EXTRANJERA COMO ES EL FRANCÉS





# Ollándonos nº156

I.E.S. Daviña Rei

ollándonos@hotmail.com

11/V/09

## Teresa Moure

Teresa Moure Pereiro naceu en Monforte en 1969. Traballa de escritora en lingua galega xeralmente e é mestra na facultade de Humanidades e Filoloxía na universidade de Santiago.

Por unha enfermidade que a obrigaba a estar encamada afeizóase aos libros e de esa forma comeza a súa faceta como escritora, compaxinando este labor coa crianza dos seus tres fillos.

Emprende moi tarde a escritura. Comeza cunha novela curta chamada *A xeira das árbores* (2004) coa que gaña o premio Lueiro Rey e tamén o premio Arcebispo San Clemente.

Esta novela céntrase na experiencia dunha muller que ten que traballar tanto para o coidado da familia coma no ámbito profesional, todo esto reflectido dende un punto feminista e reivindicativo.

En 2005 publica o ensaio *Outro idioma é posible: na procura dunha lingua para a humanidade*. Recibe o premio Ramón Piñeiro. Nesta obra reflexiona sobre os intentos de conseguir un idioma universal e sobre as vantaxes da biodiversidade lingüística.

Un ano máis tarde saca *As palabras das fillas de Eva*, no que tamén nos presenta ideas feministas.

Pero o éxito total non lle chega ata a publicación de *Herba moura* co que gaña o premio Xerais e o AELG de narrativa e co que consegue un éxito increíble de vendas. Esta obra traducíuse a máis de cinco idiomas.

Esta novela trata sobre a historia de Helene Jans e a raíña Cristina de Suecia que conta Einés Andrade, muller dos nosos días.

O texto dramático *Unha primavera para Aldara* gaña o Rafael Dieste.

Outra das novelas importantes é *Benquerida catástrofe* no que a autora regresa ao debate sobre a verdadeira identidade no mundo contemporáneo, nela un mozo chamado Adam transfórmase nunca muller.

Por esto e por máis cousas as obras de Teresa Moure están consideradas a novo eixe literario tanto galego como reivindicativo.



# “A señora Obdulia de Vilalpape”

Hai unha señora en Vilalpape, Obdulia, que se leva moi ben co seu home, Manuel do Couso. Teñen tres fillos na emigración; un marchou para Madrid; outro, para Suíza e o pequeno está na Coruña. Ten catro vacas e dúas ovellas. Manuel xa está xubilado e a Obdulia fáltanlle dous anos, polo que os cartos son escasos.

A Obdulia é unha muller á que sempre lle gustaron os homes e, a pesar de que ten moi boa relación co seu, sempre foi tendo outros amigos que ía renovando segundo ían morrendo. Ultimamente ten dous; un, o dos domingos: refinado, aforrador, non traballa moito, pero é moi ben falado. Pero é outro co que foi ó Santuario de Cadeiras o día oito de setembro. Chámase Teolindo; é moi bruto, moi traballador e moi mal falado; con el Obdulia vai ós enterros, cabodanos, ás feiras e, neste caso como xa dixeran ó Santuario de Cadeiras. Como só tiñan un cabalo ía a Obdulia sentada nel, coa mantiña tapándolle as pernas e o Teolindo andando diante dela. Pasaron Monforte e, no monte de Piñeira, a Obdulia acordoulle mexar. Baixou do cabalo, anicouse entre as xestas e ó subir as bragas engancháronselle nelas o refaixo e a saia sen que se dese conta, e díxolle ó Teolindo: *“sube ti no cabalo que eu xa vou andando”*. Así o fixeron e chegando á cantina do Tournal, entrando en Sober, viuse reflectida no cristal do bar e, ao decatarse de que ía co cu ó aire, dixo: *“uí!! Como veño eu!!”* facendo xestos para colocarse ben, á vez que lle dicía ó Teolindo: *“Teolindo, pero ti non me avisas, ho?”* o Teolindo respondeu: *“uí que carallo!! Que sabía eu como ías ti ofrecida? Non ves por aí uns que veñen de xeonllos, outros andando descalzos... ? a min que me contas!!”*

Chegaron ó Santuario, comeron e beberon e Teolindo tan contento estaba que se puxo a cantar cantigas populares:

*“Eu pedinllo a unha nena / e ela díxome: búscalo tu / eu busqueillo na cabeza / e ela dixo: xunto ó cu, xunto ó cu...”*

Despois foron á misa das cinco e Obdulia púxose de xeonllos pedíndolle á virxe parecerse a ela, mentres Teolindo durmía ante o discurso do cura. Obdulia deulle co cóbado e el espertou de repente, xusto cando o cura estaba alzando a copa e el, algo atordado polo sono e o viño, dixo: *“trae outra para min”*.

Seguiron de festa toda a tarde e volveron bastante contentos os dous. Pola metade do camiño, a Obdulia díxolle ó Teolindo murmurándolle na orella: *“dáme lo que te pido, no te pido la vida, de cintura para abajo, y de rodillas para arriba”*

Ó chegar á casa encontráronse ó Manuel que estaba metendo as vacas, entraron os tres para a casa, sentaron á mesa e a Obdulia pasoulle o gato entre as pernas, e dixo ela: *Vaia... algo é algo...*

*Ciclo de Atención Sociosanitaria (noite e día)  
Abril 2009.*

# Ollándonos nº157

I.E.S. Daviña Reí

ollandonos@hotmail.com

14/V/09



# RECEITAS DO CICLO DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

## ENSALADA DE PASTA VEXETAL

**INGREDIENTES:** pasta vexetal tricolor, atún, xamón York, unha lata de piña, espárragos(talos), queixiños tipo Burgos, gambas, paos de cangrexo, ovo cocido, maionesa ou salsa rosa para acompañar .



**PREPARACIÓN:** Cócese a pasta ao dente cunha presa de sal e un chisco de aceite, logo escorrémola e imos engadindo o atún, o xamón York e a piña en anacos, os espárragos, os queixiños tipo Burgo de Arias, as gambas, os paos de cangrexo o ovo cocido en anacos. Finalmente aliñamos con aceite e vinagre e removemos para que se mesturen tódolos ingredientes engadindo a maionesa ou a salsa rosa segundo se prefira.

## PUDIM DE MARACUJÁ

**INGREDIENTES:** Unha caixa de flanín, unha botella de zume de maracujá (COMPAL), dúas caixas de nata líquida para cocinar (pequenas), un vaso de leite grande, un vaso grande de azucre.

**PREPARACIÓN:** Poñer a ferver xuntos un vaso de leite e a mesma cantidade de zume. Nun bol disolver tódolos sobres de flanín con zume e ir aumentándollo lentamente sen deixar de remove-lo. Cando espese, poñer azucre e nata e agardar a que ferva, colocalo nun molde e deixalo no refrixador.



**MARACUJÁ:** Froita tropical de sabor cítrico que da na súa rama a flor da pasión de efecto calmante (Passiflora)



# Ollándonos nº159

I.E.S. Daviña Rei ollándonos@hotmail.com 17/V/09

O Festival de Cans é un festival de curtametraxes que se celebra no mes de maio na parroquia de Cans (O Porriño), coincidindo en datas co Festival de Cannes (a idea do festival xurdiu da similitude entre o nome desta aldea galega e a da cidade francesa). Naceu en 2004, polo que a de 2009 será a sexta edición.

O festival céntrase nas producións galegas actuais, principalmente curtametraxes, aínda que tamén se aposta pola estrea de longametraxes e documentais.

As proxeccións fanse en locais dos veciños e veciñas da parroquia e que durante todo o ano cumpren outras función (bodega, galpón, alpendre, baixo, etcétera)

O festival ten unha concepción ampla da cultura e un carácter eminentemente festivo, polo que se programan unha serie de actividades paralelas, especialmente actuacións musicais, festas temáticas, outras proxeccións, etc.

Os principais obxectivos do festival son potenciar a curtametraxe galega e crear un espazo para os novos creadores no que poidan acadar unha repercusión mediática importante.

O formato do evento fai que sexa capaz de chegar a públicos diversos, todo isto nun medio ao que habitualmente non chegan as curtas, como é o rural.

Ademais o premio en Cans abre unha vía de saída para que as curtas gañadoras sexan vistas e recoñecidas en diferentes lugares e cheguen a un público máis amplo.

## VI festival de Cans CURTAS

### Selección oficial curtametraxes de ficción

- |                                 |                   |
|---------------------------------|-------------------|
| 1. ENTREVÍAS                    | Edu Lavandeira    |
| 2. O CAZADOR                    | Ángel Santos      |
| 3. URUGUAI 2030                 | Rafa de los Arcos |
| 4. SULFATO                      | Abelardo Rendo    |
| 5. 12007                        | Diego Torres      |
| 6. QUERES SER DIRECTOR DE CINE? | Senín Porto       |
| 7. VELLAS                       | Carlos Prada      |
| 8. MÍNIMO COMÚN MÚLTIPLO        | Rubén Coe         |
| 9. XNADA                        | Dani de la Torre  |
| 10. BILINGÜE                    | Cecilia Perollo   |
| 11. POR LA MAÑANA               | Toño Chouza       |
| 12. CAMPÁS                      | Jairo Iglesias    |

### Selección oficial curtametraxes de animación

- |                          |                             |
|--------------------------|-----------------------------|
| 1. O RAILO TRANSPARENTE  | Pancho Lapena               |
| 2. O PINTOR DE CEOS      | J.Morais                    |
| 3. O SOLDADÍNO DE CHUMBO | Tomas Conde/ Virginia Curia |
| 4. O COIDADOR DE GATOS   | Fernando Cortizo            |
| 5. THE WEREPIG           | Sam Ortí                    |



www.festivaldecans.com

CANS

maio  
2013

DAI 15



# CANADÁ

Ter a oportunidade de visitar outro país, cunha cultura diferente para min é o mellor que pode pasar. Eu tiven esta sorte o ano pasado cunha bolsa da Xunta e por suposto é unha experiencia que nunca esqueceréi. Como podedes ver nas fotos é un lugar moi atractivo, pero imaxinade se vos gustan as fotos...como será en directo?




Cataratas CANADÁ



Cataratas E.E.U.U e fronteira  
CANADÁ-E.E.U.U



Toronto visto dende  
Toronto Island



CN Tower



# Ollándonos nº161

I.E.S. Daviña Rei

ollandonos@hotmail.com

27/V/09



## FESTIVAL DE CANS 2009



O símbolo do festival é, como non, un can amarelo.



Un gran globo vermello sinala a situación dos jalpóns nos que se desenvolven as actividades.



O público desprázase aos jalpóns onde se proxectan curtas da Sección Oficial montados nos característicos chimpíns.



A alfombra vermella conduce aos espectadores cara os jalpóns.



Na Casa do Pedreiro atópase a Sala Multimedia (leña, cubas de viño, útiles e apeiros de labranza,... todo moi ben ordenadiño). Nela tivo lugar a proxección de varias curtametraxes fora de concurso ademais dunha retrospectiva do director Xavier Villaverde.



No Jalpón de Alicia (Sala Friki) proxectanse, fora de concurso, curtametraxes cando menos peculiares.



No Torreiro de Cans, ao carón da igrexa, emprázase unha carpá na que teñen lugar actuacións musicais, cómicas e a entrega de premios.



# rosa aneiros

OLIVIA P-O-102  
MOS M-102  
I.E.S. Davina Rá  
ollandamos@hotmail.com  
281109







## O APALPADOR

O Apalpador é un vello xigante e gordo que traballa como carboeiro e moitas veces anda cunha caiada nas mans e unha boina negra na cabeza. Vive na devesa das altas montañas, das que na noite de Nadal baixaba ás aldeas para achegarse aos nenos e ás nenas que durmían para apalparlles as barrigas, caladiñamente, sen facer ningún ruído, para ver se estaban ben fartos. Logo de desexarlle que non pasasen máis fame, marchaba deixándolles unha boa presada de castañas quentes para que as comeran ao día seguinte.



Esta lenda é do Caurel e da zona do Incio (onde o coñecen como o *Apalpabarrigas*), pero pouco a pouco, irase difundindo por cada un dos lugares de Galicia.


Verdadeiramente énchenos de satisfacción atoparnos con isto, xa que estas lendas e historias, que se transmitirán de xeración en xeración, son as que fan que non nos esquezamos do que temos na cultura Galega, que non é pouco, e esperamos que sigan aparecendo máis coma esta, gústanos ver que tamén temos un *Santa Claus Galego*. Para nós é moi importante ter personaxes galegos, e mais se son de lugares tan próximos.



# Ollándonos

# nº164b

W000-00 W030+-30W0 W05+50W0 W07+30W0 W09+30W0 W11+30W0 W13+30W0 W15+30W0 W17+30W0 W19+30W0 W21+30W0 W23+30W0 W25+30W0 W27+30W0 W29+30W0 W31+30W0 W33+30W0 W35+30W0 W37+30W0 W39+30W0 W41+30W0 W43+30W0 W45+30W0 W47+30W0 W49+30W0 W51+30W0 W53+30W0 W55+30W0 W57+30W0 W59+30W0 W61+30W0 W63+30W0 W65+30W0 W67+30W0 W69+30W0 W71+30W0 W73+30W0 W75+30W0 W77+30W0 W79+30W0 W81+30W0 W83+30W0 W85+30W0 W87+30W0 W89+30W0 W91+30W0 W93+30W0 W95+30W0 W97+30W0 W99+30W0



I.E.S. Daviña Rei




ollándonos@hotmail.com

16/VI/09



## Paco Martín


### “Das cousas de Ramón Lamote”



O pasado 6 de marzo visitounos o escritor Paco Martín para nos falar do seu Ramón Lamote e do resto da súa obra literaria.

Agradecémoslle a súa compañía e as palabras coas que nos obsequiou.





Xosé Neira Vilas naceu en Egres (Vila de Cruces, Pontevedra), o 3 de novembro de 1928.

Fillo de campesiños. Despois dos estudos primarios seguiu un curso de peritaxe mercantil por correspondencia. Con 16 anos comezou a traballar nas oficinas dun serradoiro local. Creou un grupo de teatro que representou obras en galego.

En 1949 emigrou a Buenos Aires, onde desempeñou traballos diversos. Realiza estudos de comercio, música, xornalismo, literatura. Tomou conciencia da identidade de Galicia en contacto cos intelectuais do exilio: Seoane, Suárez Picallo, Lorenzo Varela, etc. Foi Secretario Xeral da Mocidades Galeguistas e participou na comisión organizadora do Primeiro Congreso da Emigración Galega. Casa en 1957 con Anisia Miranda, cubana. Xuntos fundaron a organización libreiro-editorial Follas Novas para difundir o libro galego en América. En 1961 Neira e Anisia foron residir a Cuba. Traballou na Administración e fixo xornalismo literario. En 1969 fundou a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística, que dirixiu durante vinte e dous anos. Na Argentina e en Cuba fixo investigacións sobre a presenza da emigración galega en América. Volto a Galiza, na súa aldea natal de Egres preside a Fundación cultural Xosé Neira Vilas. É membro numerario da Real Academia Galega, Doutor Honoris Causa polas Universidades da Coruña e da Habana, Premio da Crítica Española (narrativa) e premio da Crítica Galega (ensaio). Fíronlle outorgadas as medallas Castela, Pedrón de Honra e Celanova Casa dos Poetas.

Foi codirector do xornal Adiante (1954), voceiro da Mocidades Galeguistas de Buenos Aires. A súa asinatura é habitual na maioría dos medios da emigración americana e doutros lugares do mundo: Galicia Emigrante (Buenos Aires, 1954-1959); Eufonía (Buenos Aires, 1958); Galicia (Centro Galego de Buenos Aires, fundada en 1926); Opinión Galega (Buenos Aires, 1945-1965); Ecuador O', O', O' (México, 1965); Veiros (Revista do Padroado da Cultura Galega de México, 1959-1968); Aquí... Galicia! (Peña Cultural galega Rosalía de Castro, Rosario, 1960); Aturuxo (Santa Fe, 1960-1961); Cro Galego Brétemas e Raiolas (Buenos Aires, 1958); Abrente (Casa de Galicia de Valladolid, 1960); Galicia ó lonxe (Centro Galego de Lisboa, 1994); etc. En Cuba, dende 1983 ata que se xubilou, foi redactor-xefe da revista infantil Zunzún, outros medios nos que ten colaborado son os xornais A Nosa Terra (fundado en 1978, Santiago) e Diario de Galicia (Vigo, 1988) e a revista Follas Secas de Ourense.

Desde a súa volta desde Cuba a terras galegas, colaborou en diversos medios de comunicación. Froito dese pulo foron as series "Memoria da emigración" e "Crónicas galegas de América", aparecidas inicialmente no Faro de Vigo (1992-1995, domingos) e despois en O Correo Galego (1995-1999) e logo recollidas en varios volumes por Edicións do Castro.

Actualmente ten unha sección fixa en El Correo Galego ("Arredor do mundo", columna dominical) e publica puntualmente artigos culturais e de tema literario en Galicia Hoxe.

Manuel Herbón Rodríguez #1 E.S.O.-A



Manuel María Fernández Teixeira naceu en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929. En 1942 trasladouse a Lugo para estudar o bacharelato e aquí comezou a súa precoz carreira literaria participando, á idade de 20 anos, no ciclo de conferencias "Jóvenes valores lucenses". Esta primeira conferencia servíulle para entrar en contacto cos integrantes da tertulia do café Méndez Núñez (Pimentel, Fole, Ruf Codina...) que o poñerán en contacto coa realidade galega, tanto interior como do exilio. Nesta primeira etapa da súa vida, publica o primeiro poemario dun poeta da nova xeración, *Muiñeiro de brétemas* (1950), co que se inaugura a denominada "Escola da Tebra".


En 1958 instálase en Monforte como Procurador dos Tribunais e ao ano seguinte casa con Saleta Eoi. Nos axitados anos sesenta e setenta, Manuel María participa na reorganización política, na clandestinidade, dos partidos nacionalistas, e atende os chamamentos e peticións que lle chegan de todas as organizacións que, ao longo e ancho do país, andan a traballar pola recuperación cultural: desde impartir conferencias ou recitar poemas a presentar á Nova Canción Galega. A súa obra literaria diversifícase e multiplicase de acordo cos novos tempos: ensaio, narrativa, teatro... sen abandonar o cultivo da poesía. Do existencialismo e o seu pesimismo radical evolúe cara á unha poesía que rompe, tanto no formal como na temática, con esta liña subxectiva para se comprometer co ser humano, coa súa xente, coa súa realidade social, en definitiva, co seu pobo.

A súas actividades políticas culminaron coa súa elección como concelleiro en 1979. Son anos duros, e a súa participación nas campañas en defensa da lingua foi moi activa. En 1985 abandonou a militancia política para se dedicar por completo á actividade literaria e cultural e, desde a súa xubilación, reside na cidade da Coruña. A súa xenerosa entrega foi recoñecida en 1995, na Homenaxe organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega na Coruña.

Non é doado resumir en poucas liñas a obra deste insigne poeta, referencia imprescindible no panorama literario da segunda metade do século XX, pola amplitude dos seus rexistros, das súas propostas e da súa temática: intimismo, paisaxismo, socialrealismo crítico ou satírico, preocupación relixiosa, reivindicación lingüística... e, como fío condutor de todo este mundo poético, a construción da patria.

Manuel María faleceu na Coruña o 8 de Setembro de 2004.

Manuel Herbón Rodríguez 4º E.S.O.-A





## OS OLLOS DETRÁS DUN CRISTAL

Hai algún tempo vivía un home que tiña diante dos ollos un cristal, que transformaba todo o feo en fermoso, todo o malo en bo, a guerra en paz, etc.

Estaba abraiado polo ben que se vivía no mundo, toda a xente era feliz e non existía o mal.

Pero un día, sen querer, un neno deulle no cristal, e escachouno, perdendo así tódalas súas calidades máxicas. Nese momento o home comezou a ver o mundo tal e cómo era, con todas as súas maldades.

O mundo é cruel, e non o podemos ver como o desexamos, pois este home cando se desfixo do seu cristal máxico morreu de pena.



## POEMA

Se eu digo que morro por tí  
Non pretendo que te fixes en mín  
Só quero que teñas no teu pensamento,  
unha idea moi grande deste sentimento.

Acouga tempo ...

Que desta noite, ela non pasa de chamar  
Xa sexa nas montañas, coma se é no mar,  
que se ela sabe de tí  
È que tamén está a sentir coma tí.

Acouga tempo ...

Que o que tí sentes está por chegar  
Se non é hoxe, outro día será.  
Acouga tempo ... ese amor non tardará.




“UN SÓLIDO É REGULAR SE TEN A PROPIEDAD DE DIVIDIR EN PARTES IGUAIS E SEMELLANTES A SUPERFICIE DA ESFERA NA QUE ESTÁ INSCRITO”

*"O Lume está formado por tetraedros; o Aire, de octaedros; a Auga, de icosaedros; a Terra, de cubos; e como aínda é posible unha quinta forma, Deus usou esta, o dodecaedro pentagonal, para que sirva de límite do Mundo".*

Platón, Timeo.

TIMEVS

252





## A RISA NA AULA

Os expertos no bo humor aseguran que a risa é unha boa terapia, mellor que tomar calquera menciña: por cada risa, o cerebro libera catecolaminas, neurotransmisores asociados ao pracer e a felicidade; fortalécese o sistema inmunolóxico; libéranse endorfinas, analxésicos naturais que diminúen a dor; a risa axuda a combater o estrés, porque reláxanse os músculos e serve de exercicio físico ao aumentar a actividade do diafragma, tórax e pulmóns; estimula o sistema linfático, circulatorio, muscular, fai transpirar e sobe o ánimo. Todo o cal provoca unha autoestima máis alta, tranquilidade, relaxación, tolerancia á dor e á esperanza e, como se fora pouco, contribúe a desenvolver a capacidade de resistencia.

Desde o punto de vista educativo, a risa e o humor non son remedios máxicos, pero existen estudos que mostran que na medida na que exista bo humor, a aprendizaxe faise máis estable e duradeira. Hai psicólogos que postulan que a risa serve para aumentar a efectividade nas aulas, convoca á atención, axuda a reter información, estimula a imaxinación de alumnado e profesorado. O humor serve para suavizar conflitos, como recurso de distensión, para animar, socializar, aumentar a comunicación, a atención, retención e comprensión.

E agora, sabendo todo isto, non esquezas **SORRIR**.

*Andrés*





# Ollándonos

# nº171

I.E.S. Daviña Rei

ollándonos@hotmail.com

24/XI/09



## ROTEIRO DA ESMORGA

Departamentos de Galego e Normalización Lingüística  
IES Daviña Rey

6/10/2009



Diego Eladio Cordero

Escola Camilo José Cela - Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.

Quizais moitos de vós non a coñezades, mais eu que estivei durante dous anos utilizando os seus servizos, gustaríame achegala a todos vós.

Está en Santiago de Compostela (Galicia), é unha escola para nenos enfermos de todas as idades e diferentes doenzas, onde unhas canse máis pronto e outras coma o cancro ou a anorexia perdéron moito máis onde tamén poden acudir os pais e faros que a estancia sexa máis leve dentro do que cabe. Entreteñéndose con xogos, manualidades e incluso estudándose a seguir os estudos. Todos os anos no Nadal fanse miles de postais a xente e empresas importantes que poden permitirse axudar con xoguetes, ordenadores, DVD's portátiles, películas, contos, etc... tanto para nenos aislados coma para os outros, organizan cabalgatas e fan que todo sexa coma na casa porque non todos podemos marchar. Eles tamén aprecian xantar e cama aos pais que pasan longas estancias cos seus fillos e non se poden permitir comer todos os días nun restaurante ou ir dormir nun hotel. Todo isto é posible grazas ao voluntariado e a xente profesional que reparte con noso modo do seu tempo, cariño, ganas, etc... e sempre nos levan no seu corazón.


Para rematar quero darlle as grazas a todo aquel que me axudou e as persoas que de xon non están con noso pero que nunca esqueceré.  
!! Animadevos a colaborar !!

Diego //

### Escola Camilo José Cela

Hospital Clínico. Rúa Choupana s/n.  
Santiago de Compostela  
981 950 199  
ruth.gomez.vazquez@sergas.es

ollán-  
I.E.S. Daviña Rei  
donos@hotmail.com  
24/XI/09  
**No172**





## OS MEUS SOÑOS

Unha vez soñei  
Que estaba nun tellado  
O tellado estaba mollado  
E por iso esvarei.

Outro día tiven un soño  
Que nunca puiden esquecer  
Botáronme un mal de ollo  
E estiven a piques de morrer.

Cada soño  
É unha historia  
Nuns perdo, noutros gaño  
Nalgúns choraba, noutros ría.

Cando soño  
Estou durmindo  
Pecho os ollos de todo  
E voume indo.

*David López Freán, 3º ESO B*

## OS SENTIDOS DO NADAL

Oio eu campás  
Óioas eu soar,  
No alto das igrexas  
Están a retumbar.

Mándannos unha mensaxe,  
A mensaxe do Nadal:  
Paz, amor e igualdade.

E esta é a historia,  
a historia do Nadal,  
esperamos que todos  
o paseades fenomenal.

*Rut Arias Ferreiros, 3º ESO B*





## O BOTELLÓN

Son unha rapaza de catorce anos, moderna, divertida, sociable, simpática, amiga dos meus amigos ... en fin, unha moza do século XXI. En xeral levo unha vida sinxela e típica da miña idade: vou ó instituto, onde me relaciono con compañeiros cos que comparto a maioría das miñas inquedanzas. Falamos da música, moda, rapaces e de todo o que nos preocupa, aínda que ultimamente síntome un pouco diferente ós demais porque os nosos xogos e diversións están quedando atrás e dan paso a outras actividades que poden cegar e rozar o perigoso, entre elas refírome ao botellón.

Encántame estar na rúa cos meus amigos falando, escoitando música, facendo parvadas e, sobre todo, rindo ata case chorar, todo era fantástico ata que chegou a moda do alcol e as drogas. Vexo con tristeza como algúns dos rapaces e rapazas que coñezo beben ata o punto de non saber o que fan. Agora xa non me divirto estando con eles. Xa que vexo como se fan dano a si mesmos, non disfrutan da miña compañía e nin se dan conta de como os coido no seu malestar.

Pregúntome ¿que ten de divertido? ¿por que o fan? ¿non se dan conta do mal que lles fai? Síntome rara como se fose noutra dirección. Soa. ¿que fago? Eu véxoo claro o alcol e as drogas non son para min.

*Aldara Pérez González*



# Ollándonos n°174

I.E.S. Daviña Rei

ollandonos@hotmail.com

29/1/2010

## Poemas caligráficos

1985

1986

Vietnam  
1987

1988

1989

1990

1991

1992

1993

1994

1995

1996

1997

1998

1999

2000

2001

2002

2003

2004

2005

Conteúdo dos textos: poemas que foram de autoria de alunos do curso de Arte e Design do I.E.S. Daviña Rei.



# Ollándonos

# nº175

I.E.S. Daviña Rei

ollándonos@hotmail.com

29/1/2010

**Agora nesta época do ano  
as follas empezan a caer,  
que bonito é ver os camiños  
ateigados de follas amarelas.**



**Ca marcha dos paxaros e as  
árbores espidas parece o monte  
un gran oco baleiro,  
o bonito cantar dos paxaros por verán.**



**Que xa logo volverán,  
que bo e bonito é  
o cantar dos paxariños e  
os grandes niños.**

**Esta época do ano é moi escura,  
case todo de noite e case nada de día,  
coa pouca claridade na ría,  
os mares, os ríos andan con moito asubío.**



**Que bonito é cando neva,  
os nenos non o ven a cotío,  
pero cando o ven dan chimpos  
de alegría.**



**A gran manta branca,  
que nesta época adorna  
as montañas do Courel...  
que desde aquí ven se ve.**

*Esta é unha pequena poesía que fixen agora mesmo  
que estaba inspirada, mirando pola venta e vendo o  
Courel nevado.  
Espero que che guste.*

*Lucía Pozo Rodríguez*





*O mes de xaneiro agasallounos cunha festa, unha maniFESTación polo galego. Non había tensión, respirábase emoción provocada pola alegría de xuntarnos miles de persoas de todo o mundo para berrar, cantar, saltar e bailar pola nosa lingua. Había quen quería galego, quen quería gallego, tamén voleva il galiziano, escoitabas 'nous voulons le galicien' e 'we want galician'. No fondo non hai medo de que no-la maten: sabemos que iso non é posible. Ninguén nos deixou nunca mudos e non vai ser hoxe o día. O galego non no-lo poden asasinar, porque todos queren galego; quéreno ben ou mal, pero quéreno todos. A mañá do xoves 21 enchémola de risas, de bromas e música. Foi unha festa. Unha festa grandiosa.*

## Fillo do corazón...

Fillo do corazón, que nas meniñas  
dos teus ollos levache os meus amores,  
descansa eternamente sobre frores,  
que eu non te hei olvidar entre as espiñas.

Si as bágoas de tua mai e as bágoas miñas  
non te resuzitaron... xa no acores,  
éste mundo é o liñeiro das delores,  
e o ceio fíxoo Dios prás estreliñas...

A Virxe te acobexe co seu manto,  
e xa que é tan cativa a miña sorte  
que no me valeu nada achousar tanto,

pide que a triste vida se me acorte:  
mellor quero ir parar á campo santo,  
que vivir recordando a tua morte.

*Noriega Varela. Do Ermo*

"Éste mundo é o liñeiro das delores". Atras quedan os amenceres na serra... as pombiñas bravas... as pedras húmidas do camiño... O "Cantor da montaña" é tamén o cantor da dor... o cantor do recordo, da vida... e da morte. As bágoas inundan de tristeza estes humildes versos... as frores sinxeliñas, orballadas, que tanto protagonizaron as súas composicións, fan agora de leito...

Esa facultade de Noriega Varela de achegarse ó pobo coas súas palabras sobrepasa con este soneto os límites. A un lado queda o costumismo da súa obra, tamén o ambiente rural. El e a dor, nada máis fixo falta para dar lugar a este poema e chegar ó corazón dos lectores. Poesía.

Descansa no campo santo Noriega...

Alba Sierra Fdez-Noriega



**O falar non ten cancela, de Pilar Docampo**, para os que botan de menos os contos do avó e a avoa. Os fillos da autora tamén botaron de menos os contos da súa nai e editaron este libro de relatos breves con ritmo de poesía e cheiro a tradición que deixan liberdade para encher ocos coa fantasía. *Ídelo reler. Seguro.*

*Cando comenzaron a cantar: “luns, e martes, e mércores...tres. Xoves, venres e sábado... seis”, dixo:*

*“E o domingo..., ¿que?”*

*“¿Quen es tí?”, preguntaron as bruxas.*

*“Son o chepa de atrás”.*

*“Pois a poñerlle a chepa que temos do outro”.*

*E desde aquela ten que andar cunha por diante e outra por tras. Porque as meigas só fan un favor na vida e nunca máis.*

#### [ O BLOG. A TOLEMIA.

A TOLEMIA É O BLOG DUNHA EX-ALUMNA DESTE INSTITUTO NO QUE PODEMOS LER ANAQUIÑOS DE LITERATURA, POR MOITO QUE ELA DIGA QUE ‘XA NON ESCRIBE’. RECOMÉNDOVOLO.

[HTTP://ATOLEMIA.BLOGSPOT.COM](http://atolemia.blogspot.com) ]

#### [ O CURRUNCHO MUSICAL. ATAQUE ESCAMPE.

ATAQUE ESCAMPE É UN GRUPO FORMADO EN COMPOSTELA CUN ESTILO QUE ELES MESMOS DEFINEN COMO “ROCK DE SERIE B”, UN XÉNERO DE MESTURA. CUNHAS LETRAS CHEAS DE POESÍA PARA UN PÚBLICO GALEGO ENGANCHAN A TODO AQUEL QUE DECIDE ESCOITALOS. DESTACAN POLO SEU COMPROMISO COA LINGUA E PODÉMOLOS VER EN DIRECTO EN MOITOS ACTOS POLA DEFENSA DO GALEGO. TEÑEN Á VENDA VARIOS DISCOS, PERO TAMÉN PODEDES PROBALOS NO SEU MYSPACE, LASTFM OU GOEAR.

[HTTP://WWW.MYSPACE.COM/ATAQUESCAMPE](http://www.myspace.com/ataquescampe) ]



# Ollándonos

I.E.S. Daviña Rei

ollándonos@hotmail.com

# nº178

9/2/2010

*Camiño triste, ninguén está ao meu lado.  
Vivo correndo, pois a vida pasa moi rápido.  
Non teño ninguén, nin ganas de procuralo.  
Camiño cara ningures, guiado polos meus pasos.  
Subo a un tellado, observo a cidadela.  
Po e cinza, quizais o único que queda..  
Morro afogado, tristes paisaxes me arrodean...  
Pero eu sigo constante, buscando unha saída,  
A pesar da xente que se vai, da xente que non se olvida.  
Sigo pensando, se isto merece a pena,  
  
non teño folgos, cansada xa desta doce condena.*

Ánxela Traveso Fernández. 1º BAC-b



# Ollándonos

# n°179

I.E.S. Daviña Rei

ollándonos@hotmail.com

19/2/2010

1. Cibrán vai a traballar un luns e pasa cerca do Mesón da Cristina. Pouco despois atópase co Bocas e o Milhomes que o convencen para tomar algo na taberna da Tía Esquilacha .


8. O roteiro remata na Alameda, por onde tamén pasaran o Cibrán, o Bocas e o Milhomes.

*Roteiro do percorrido que realizaron os protagonistas de A esmorga polas rúas de Ourense*

2. Dende aquí marcharon pola Ponte Pelamios para cruzar o Barbaña (ponte xa desaparecida) ata chegar ás Burgas. No entorno estaba a casa dos Andrade onde habitaba unha misteriosa dama. Cruzarán de novo o Barbaña para despois de pasar por Salto-docán e chegar o Pazo dos señores de "Castelo".

7. Rodearán practicamente toda a mazá para volver á Rúa Lamas Carvajal, cerca da Praza Maior.

6. Saen de novo, non sen antes parar un momento na Rúa dos Fornos e, ó pouco, escondese da policía na Igrexa de Santa Eufemia. Ó saír, un ataque de risa faraos parar na cércana "Fonte do Rei".



3. Entran na zona antiga pola "Porta do Aire" (nome dunha das portas da cidade). Atópase no xardín do Posío. Despois de pasar diante das tabernas de esta rúa farán unha parada para beber na Fonte de San Cosme.

4. Deciden ir a Ferreiría onde está a "Casa Monfortina". Como non os deixan entrar e como aparece a policía, deciden cambiar de rumbo. Pasan polo calexo de Pena Vixia.

5. A súa próxima parada será a Casa da Nonó. Aínda que breve, posto que de novo terán que saír correndo. Pasan pola Praza do Corredor, onde as campás marcarán a media noite e páranse na rúa da Estrela, xa que un de eles tiña a casa alí.



# Ollándonos n°180

I.E.S. Daviña Rei

ollándonos@hotmail.com

19/2/2010

"Ao chegar, perchei na taberna da tia Esquilacha, onde pararán tamen os tratantes".

"Non señor, non lle foi eisi como está nise papel que leron, que os papeis teñen conta do que lle poñen enriba, anque non foi moito o que entendín. Eiquí, o señor, bulía moito a ler, e a máis diso non estamos moi afeitos a ouvir ler en castelán, que eiquí non o falamos; e cando un que non sexa señorito se bota a falalo, decimoslle que fala castrapo... Pro, con todo, non foi eisi anque o diga a Guardia Civil, a tia Esquilacha ou o sulsuncordia, con premiso da súa cara. Nin do escomenzo das cousas, nin do que veu dimpois nin do remate, ninguén sabe nada porque ninguén viu nada, ou si o viron non repararon, que unha cousa é vere e outra reparare."



## Comedia bífida



EDITORIAL GALAXIA

LES DAVIÑA REI  
do  
Monforte de Lemos  
6/10/09  
Departamento de Galego,  
Normalización Lingüística e Sanitar

# A ESMORGA

EDUARDO BLANCO-AMOR

I.E.S. DAVIÑA REI  
Monforte de Lemos  
6/10/09

## Comedia bífida

Manuel  
Núñez  
Singala



Departamento  
de Galego,  
Normalización  
Lingüística e  
Sanitaria

Velaquí un xuízo á lingua. Ou ao emprego que dela facemos os galegos.

Cómpre que esteades mortos para participardes nesta farsa do xuízo final. Se non o estades, quizais poidades asistir a este encontro con algunhas das situacións que a diario vivimos en relación co galego. Dispoñédevos a rir, sorrir e pensar. Porque algunhas das cousas que facemos e dicimos sobre a nosa lingua non as entende nin san Pedro.



A sinceridade non é algo que debemos esperar dos demais, se non que é un valor que debemos vivir para ter amigos, para ser dignos de confianza...

Para ser sinceros debemos procurar dicir sempre a verdade, isto parece moi sinxelo pero moitas veces custa máis do que se cre. Utilízanse as "mentiras piadosas" para ocultar calquera cousa que para nós é unha tontería, pero que en realidade a persoa a quen lle mentes faslle dano, e esta pequena mentira que nun principio non é nada vaise facendo máis e máis grande ata que a verdade acaba saíndo a luz e sorprendendo a quen mentes.

A sinceridade non se ve só nas nosas palabras, senón que se demostra pola nosa actitude. Cando se aparenta máis do que somos téndese a dar impresión do que non é. Se descubren a gran mentira prodúcese unha enorme desilusión xa que se perden as esperanzas do que a persoa é ou non é na realidade ( de aí o refrán: "Dime do que presumes e direiche do que careces").

Tamén cómpre indicar que "dicir" sempre a verdade con palabras é unha parte da sinceridade, pero tamén hai que actuar acorde coa verdade. Para ser sincero fai falla ter moito tacto e isto significa que cando debemos dicir-lle a unha persoa a verdade do que pensamos e esta verdade a incomódaa debemos utilizar as palabras ou expresións correctas para que non pense que é con ánimo de ofendela.

A sinceridade tamén require moito valor. A persoa sincera sempre di a verdade, en todo momento, aínda que lle costa, sen temor ao que dirán. Xa que vernos sorprendidos mentres mentimos é mais vergoñento aínda.

Ao ser sinceros aseguramos as nosas amizades, somos mais honestos cos demais e a vez con nós mesmos, converténdonos en persoas dignas de confianza pola autenticidade que hai na nosa forma de comportarnos e nas nosas palabras.

A medida que nos facemos maiores, a sinceridade debe ir en aumento e debe converterse nun elemento básico para vivir a nosa vida con autentica plenitude e sinceridade.

Eu creo que cada un é responsábel dos actos que comete, polo tanto, se cometemos algún erro debemos afrontalo e ser sinceros e non escapar del.

Hoxe só se trata da túa voz e a miña  
hoxe só se trata da verdade ...  
a miña verdade  
a SINCERIDADE



## RAMÓN CABANILLAS “O POETA DA RAZA”

Naceu en Cambados o 3 de xuño 1876. Tras iniciarse nas letras e no latín foi seminarista. Entre 1889 e 1893 camiñou os claustros de San Martiño Pinario, onde ós 13 anos escoitou por primeira vez as palabras dun mestre enaltecendo a beleza da nosa fala.


Do seminario marchou para asumir tarefas de contabilidade no Concello de Cambados durante 10 anos. Chámase-lle “O Poeta da Raza” porque foi el o voceiro das Irmandades da Fala.



### PRINCIPAIS OBRAS :

- ♦ **No desterro: Visión galega** (1913): publicado na Habana, recolle a súa poesía escrita, probablemente, entre 1910 e 1913. O esencial do libro e o feito de estar escrita totalmente en galego. Dos 50 poemas que o compoñen catro son de tema civil, o resto expresan a nostalgia do poeta por Galicia.
- ♦ **Vento Mareiro** (1915): editado tamén na Habana, presenta mostras de poesía intimista, descritiva, civil, agraria (con chamamentos a rebeldía), etc.
- ♦ **Da Terra asoballada** (1917): a súa traxectoria poética entra nunha etapa de poesía combativa, denunciante e chea de claves sociais e ideolóxicas.
- ♦ **A saudade nos poetas galegos** (1920, ensaio; discurso de ingreso na RAG)
- ♦ **Na noite estrelecida** (1926, poesía)

O 17 de Maio de 1976, a Real Academia Galega decidiu adicarlllo A Ramón Cabanillas “O Poeta da Raza”.



## AS IRMANDADES DA FALA

**ORIXE** As Irmandades da Fala foi unha organización nacionalista galega activa entre 1916 e 1931. Con elas, o movemento galeguista asumiu por vez primeira o monolingüismo en galego. Aurelio Ribalta, escritor galego e membro dun grupo de intelectuais galeguistas realizou un chamamento dende a revista **Estudios Gallegos** para defender a lingua galega en 1915.

Antón Vilar Ponte recolleu a chamada de Aurelio Ribalta en 1916 e comezou dende as páxinas de **La Voz de Galicia** unha campaña para a creación dunha **Liga de Amigos do Idioma Galego**.

**HISTORIA** O 18 de Maio de 1916 nos locais da Real Academia Galega na Coruña Vilar Ponte convocou unha xuntanza, nesta acordouse a creación dunha **Irmandade dos Amigos da Fala** co obxectivo da defensa do Galego. De seguido creáronse diversas agrupacións, unha delas atopábase en Monforte de Lemos, tamén se formaron outras na emigración como a de Bos Aires. O 14 de novembro nace o voceiro escrito das Irmandades **A Nosa Terra**, escrita integramente en Galego. Co tempo moitas das Irmandades esgazaron pero logo volveron rexurdir; finalmente constituíuse o **Partido Galeguista** encabezado por Risco que levou a disolución do nome de Irmandades.



### PROGRAMA POLÍTICO

#### 1. Obxectivos prioritarios:

1. Autonomía integral para Galicia.
2. Autonomía municipal.

#### 2. Obxectivos para Galicia, entre os cales se atopaban:

1. O poder legislativo encomendábase a un Parlamento galego, elixido directamente polo pobo.
2. O poder xudicial estaría sempre desenvolvido por cidadáns galegos.
3. Cooficialidade do castelán e do galego.
4. Igualdade de dereitos da muller.





# Ollándonos

I.E.S. Daviña Rei

ollándonos@hotmail.com

# nº183

6/IV/2010

## XA LOGO VOLVEN OS PAXARIÑOS

Xa logo volven os paxariños  
Cos seus asubíos,  
Xa as follas volven  
Ao carón dos ríos.

Con eles a primavera  
Chega con arrepío,  
Con *caloriños* e margaridas  
Para os campos fermosos.

Xa se ven as andoriñas  
Voar, e case non dan  
Co vento que fai,  
Xa as gaivotas anda derriba do mar.

Que fermosas son as  
Ondas do mar  
Ledas chegan ás  
Costas galegas.  
Que Galicia fermosa  
Temos! limpa e verde  
Chea de carballos  
E castiñeiros.

Que fermosa é  
A nosa Galicia!



## AGORA NA PRIMAVERA

Agora na primavera  
As flores comezan  
A saír, as árbores  
Ateigados de flores  
Para o froito saír.  
Os amores logo volverán  
Dese longo e frío  
Inverno no que xeados  
están.  
Oh que fermoso é o mar!  
A calor faise de rogar  
Para ir á praia e chapuzar no mar.  
Oh que fermoso é o mar!  
As ras comezan a  
Cantar neste marzal,  
Ateigadas as lagoas  
Destas ras que de vagar están.  
Galicia xa está  
Verde, a nosa Galicia  
Que Curros, Rosalía e Pondal  
A saiban coidar.  
Oh! A nosa Galicia  
Que bonita está  
Ateigada de margaridas.

*Lucía Pozo 3ºESO-B*





## A NEVE, A CHUVIA, O SOL, O VENTO

Cando chove estou ledo,  
Cando neva moi contento,  
porque fago un boneco,  
cheíño de xeo.



O día que chove e vai sol,  
Éntrame moita emoción,  
Non paro de brincar,  
Porque chega a hora de xogar.




Cando o sol está a quentar,  
Eu pónome a tostar,  
Porque gústame estar moreno,  
Para lucir un pouco máis.



O día que o vento sopra,  
non me gusta nada brincar,  
aproveito para tocar a gaita,  
e aprender un chisquiño máis.

*Joel Rodríguez Valcárcel, 3ºESO-B*





## UNS VELLOOS OLLOS

*Galicia, grazas a Deus  
Aínda lle brinda a estes vellos ollos  
A fermosura das súas paisaxes  
Que quedarán instaladas na (miña) retina  
Para o resto da miña vida.*

*Estes ollos que viron a guerra,  
o franquismo, o exilio,  
que tanto choraron pola morte dos compañeiros  
e que tantas noites pasaron vixiantes no monte,  
son agora uns ollos con mirada leda e chispeante  
que choraron coa ledicia de ver nacer seus netos.*

*Ollos azuis que tantas veces tornaron vermello  
Por todo o sangue que neles reflectiu.  
Sentado no penedo da aira onde tantas noites  
Pasei, observo de novo a miña fermosa Galicia!*

*Sara Mera Fernández, 1ºBAC*



# Ollándonos nº186

I.E.S. Daviña Rei

ollándonos@hotmail.com

9/IV/2010


## Antón Riveiro Coello

I.E.S. Daviña Rey  
mércores 3/III/2010

*no salón de actos*

ás 10:30 (3ª hora)  
“A voz do lago”  
1º, 2º ESO

ás 11:45 (4ª, 5ª horas)  
“As rulas de Bakunin”  
1º BAC





## A NOSA LINGUA MATERNA

O galego é importante e imprescindible coma calquera outra lingua do mundo. É o símbolo, o idioma materno e toda a historia dos galegos.

Dende o meu punto de vista, ao estar en Galiza –e digo Galiza porque debería chamarse así, o seu nome ten que estar en galego– todos deberíamos conservala, aprenderlla aos nosos fillos e usala a diario; eu son marroquí pero galegofalante, e todos os días fágome a mesma pregunta, que pasará co galego dentro de vinte anos?

Para esta pregunta hai dúas respostas: a primeira é que se a xente segue con este comportamento, mostrando ese desinterese, esta fermosa lingua desaparecerá. A segunda resposta é se a xente falara máis o galego, e non falalo só por falar, senón coma a nosa lingua materna, esta lingua perduraría ata a fin dos tempos e non sería unha lingua morta como o latín, o grego ...

Creo que a resposta máis axeitada é a segunda porque así a xuventude galega terá unha vantaxe máis nos ámbitos social e profesional, e non só iso senón que enriquecerase intelectualmente; ademais Galiza ten a súa propia cultura que é moi complexa e interesante. Aconsellaría a toda a xente que se interesase pola súa lingua materna e os costumes do seu país.

A miña experiencia dende que cheguei aquí é que aprender o galego, é unha vantaxe máis cara ao meu futuro social e profesional, porque con esta lingua xa sei máis cousas do mundo que me rodea. Ademais é un privilexio que temos os galegos sobre a xente só castelanfalante. É unha lingua que ten a súa dificultade pero tamén atrae a túa atención pola súa orixe, historia e sobre todo polas dificultades e malos momentos que pasou en todos eses anos. Aínda que a xente diga que o galego non vale para nada fóra de Galiza, eu creo que non é así porque se vas por exemplo a Portugal, a Brasil ou a algún país de África do sur falando galego pódelos entender perfectamente e eles a ti.


En conclusión, entre todos deberíamos intentar conservar o galego, a vosa lingua materna, porque é unha lingua elemental para os galegos e para diferenciarnos dos demais.



# Día do Libro 2010

**Ollándonos nº188**

I.E.S. Daviña Rei [ollandonos@hotmail.es](mailto:ollandonos@hotmail.es) 21/IV/2010



IES Daviña Rey



## Salvia officinalis

Cur moriatur homo cui salvia crescit i horto?  
Contra vim mortis non est medicamen in hortis.

Salvia confortat nervos manuumque tremolen  
Tollit, et eius ope febril acuta fugit.

Salvia, castoriumque lavendula, primula veris,  
Nasturtium, Athanasia, haec sanant paralytica membra.

Salvia salvatrix, naturae conciliatrix,  
Salvia dat sanum capuz et facit hoc Adrianum.

### Propiedades medicinais

*Bactericidas: contra afeccións respiratorias.*

*Cicatrizante: úlceras, cortes, feridas, úlceras bucais, ...*

*Contraindicada durante os primeiros meses do embarazo.*

*Evitar a inxestión nas mulleres que están amamantando,  
xa que bloquea a produción de leite.*

### Usos culinarios

*As follas secas empréganse para dar sabor a embutidos,  
queixo fresco, carne picada, pescados, ensaladas, sopas e  
guisos.*

*A combinación de sarxa e cebola recoméndase para pra-  
tos ricos en graxas: porco, salmón, anguía, ...*

*As flores son utilizadas pola industria conserveira para  
preparar marmeladas.*





# Ollándonos nº190

I.E.S. Daviña Rei

ollandonos@hotmail.com

28/IV/2010

## UXÍO NOVONEVRA: A VOZ DO COUREL

*"A FALA É O ÚNICO SITIO ONDE SEGUEN VIVOS OS NOSOS ANTEPASADOS"*

*Uxío nado en Parada (Courel) o 19 de Xaneiro de 1930 e finado en Santiago de Compostela o 30 de Outubro de 1999. Fillo de labregos levou coma bandeira a súa terra `` O Courel ``.*

*Estudou bacharelato en Lugo onde coñeceu a outros poetas como Luis Pimentel ou Manuel María.*


*Matriculouse por libre na facultade de Filosofía e Letras de Madrid onde comezou a escribir poemas en castelán. Nos seguintes trinta anos comezou a escribir poemas en galego. A súa vida transcórte entre o Courel, Santiago e Madrid. Casou, tivo tres fillos e en 1983 asentouse definitivamente en Santiago de Compostela ata o seu pasamento.*

*A temática da súa obra xira arredor do nacionalismo (a súa linguaxe literaria). Preocupábase máis polo fondo que pola forma dos seus escritos. Algunhas das súas obras son: Os eidos, flexias do Courel e outros poemas, Do Courel a Compostela, Poemas Caligráficos ...*

*O seu compromiso con Galicia e co noso idioma reflectirase este ano adicándolle o*

### **DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

*"É xa hora de que señas toda patria dos teus. Dos que gardaron a fala en que máis dixos adeus."*



*Borja de la Horta Ojea -- 4ºA*



## A situación actual do galego

A pesar da realidade histórica vivida polo galego durante séculos, os habitantes de Galicia souberon conservar vivo o seu idioma. Mais continúa a ser preocupante o descenso de galego falantes nas urbes galegas, así como nos nenos e adolescentes dos nosos días, xa que cada vez estes empregan menos o idioma debido a diversos motivos: Os pais non llo ensinan aos seus fillos porque é mellor que aprendan o castelán, no colexio moitos nenos e moitas nenas falan o castelán Ademais, a lexislación favorable ao uso do galego non foi debidamente aproveitada polos poderes públicos.



Os galegos observamos como o galego vai perdendo categoría pouco a pouco en todos os ambientes. O galego foi e é unha lingua que sufriu e sofre moito perigo de desaparición. No pasado puido saír con moito esforzo pero agora vexo que a xente si é consciente de que o noso idioma ten menos falantes, porén non fai nada simplemente asumilo con dignidade, en vez de afrontar esta desaparición.



## ENTREVISTA A MANOLO MARTÍNEZ

ADESTRADOR DE VOLEIBOL

Por Nerea Novo Rodríguez

**Manolo, por que o volei? Que che chamou tanto a atención deste deporte para adicarlle tantos esforzos?**

Introducíronme no volei unhas rapazas que viñan do campo de Santo Antón, pedíronme se podía facer un equipo e así comecei a traballar con elas. Ese ano quedamos subcampeonas galegas. A partir dese momento incorporáronse outras rapazas e iso motivoume a traballar con todas elas e xurdiu o inicio do voleibol en Monforte.

**Cal foi o maior éxito que acadaches neste deporte?**

Foron varios, pero non me gusta remarcalos, penso que o éxito é principalmente para as xogadoras que traballaron comigo e para o pobo de Monforte. Para min os tres campionatos conseguidos nas categorías cadetes e xuvenís foron de vital importancia, así como os seis anos adestrando o equipo de superliga que levou o nome de Monforte por toda España, facendo que o club fora recoñecido por todas partes.

**Que cres que lles aportas ás xogadoras no persoal ademais das túas ensinanzas deportivas?**

Intento que sexan competitivas no bo sentido da palabra, respectando aos contrarios, pero cando se sae a facer un traballo competitivo debe tomarse como un traballo profesional. Tamén desexo que participen sempre do espírito de superación, á parte por suposto da aprendizaxe.

**Coido que che compensa o traballo que fas pero, como o compaxinas coa túa vida privada?**

Iso é un problema, o máis grande que teño e que nunca darei solucionado, pero hai que levarlo como se poida.

**Enumérame catro cousas importantes que lles aporta o voleibol ás xogadoras.**

Por un lado o compañeirismo e traballo en equipo, responsabilidade; polo tanto, o que hai que facer cando se representan as cores da cidade fronte a un equipo é superarse individualmente intentando conseguir os mellores resultados posibles, e logo tamén unha aportación colectiva que é sempre cando se representa a un pobo, pois hai que levar ese nome con orgullo e resaltalo por encima de todo.

**Un obxectivo deportivo? E unha meta persoal?**

O deportivo nestes momentos é sacar os mellores resul-

tados no campionato de España, pero de forma moi especial no campionato galego cadete xa obtido.

A meta persoal é conseguir o mellor resultado posible, aínda que creo que no voleibol xa pouco me queda por conseguir en canto a resultados, porque o que eu me propuxen acadar téñoo practicamente acadado.

**Dime, o partido deseñado e o marco para vivilo.**

O deseñado sería disputar a final do campionato de España cadete, e o marco non queda outro que Benidorm, aínda que é moi difícil polo alto nivel que hai no voleibol español, pero temos bo equipo. Co interese, valentía e a ilusión das xogadoras podemos chegar a calquera parte.



**Que é o que che aportan as xogadoras?**

De todo, unhas veces satisfaccións e outras moitos cabreos, a verdade é que coas xogadoras nalgúns momentos hai que tomar medidas drásticas, e niso

deberían ser máis responsables, sabendo que unha persoa desinteresadamente estase volcando con elas día tras día. Moitas veces a resposta non é a axeitada, pero hai que ter en conta que é xente nova (sorri Manolo)

**Que che impulsa a seguir?**


Pois saber que temos un dos mellores equipos de Galiza e acadar os obxectivos propostos.

**Sénteste valorado polos pais? E pola afición?**

Non me fixo demasiado nesas situacións, hai pais que me demostran moito aprecio e os que lles estou moi agradecido, outros mostran diferenza, e hai outros os que non lles gusta a miña maneira de traballar.

**Por último, imos ser campioas de España?**

Sería unha alegría, pero o obxectivo é intentalo, tampouco é unha meta prioritaria. Sabendo o nivel tan alto que vai haber, se viñera este campionato benvido sexa. Sobre todo, hai que facer un papel digno e traballar o mellor posible.





# O VERÁN XA ESTA A CHEGAR:

Dende aquí,  
as montañas do Courel,  
vense ben.

Sen neve xa están,  
vense os prados verdes,  
con puntos brancos que  
margaridas son.

As ovellas xa saen pastar,  
co can detrás,  
logo nun longo invernal.

As árbores brancas están  
polas flores que lle están a saír  
para logo os froitos comer.

Xa logo chega o verán,  
cos xeados e refrescos nas mans.

As ensilas xa están a chegar,  
os sons dos tractores,  
polas vilas se oen.

O cuco xa chegou  
e ledó canta  
CU,CU,CU,CU

Os paxariños,  
cos seus asubíos,

As motoserras  
RAM,RAM.

I.E.S. Daviña Rei

ollándonos@hotmail.com

4N/2010

Ollándonos

nº193



# Ollándonos

## nº 194

I.E.S. Daviña Rei | ollándonos@hotmail.com | 18/V/2010

### A distancia do lobo

O pasado venres día 7, dentro das actividades organizadas pola Delegación de Cultura do Concello de Monforte por mor do Día das Letras Galegas, adicado este ano ao poeta Uxío Novoneyra, os alumnos de 4º da ESO acudiron á charla-coloquio de Antón Lopo que tivo lugar na Casa da Cultura.

Lopo ven de publicar *A distancia do lobo*, biografía do autor courelao.



Fotos: Alberto López

En *A distancia do lobo*, Antón Lopo utiliza a obra do poeta Uxío Novoneyra, as súas entrevistas e os seus discursos para reconstruír a traxectoria vital dun escritor que mantivo a liberdade como principio irrenunciábel. A partir dese material, e mediante unha serie de entrevistas que mantivo con Elba Rey –viúva de Novoneyra– e con amigos e persoas que o trataron en vida, trézase unha peripecia que se inicia nos anos finais da vida do escritor e conclúe na infancia. A represión da ditadura, o principio de liberación dos pobos, a bohemia, o refuxio das tertulias ou as dificultades de forxar un ámbito cultural propio nos comezos da autonomía de Galicia, son algunhas das estacións dun percorrido que fai escintillar a práctica totalidade da rica personalidade dun home que converteu a poesía nunha forma de comportamento.

Antón Lopo é un poeta, narrador e artista nado en Monforte de Lemos. Ademais é xornalista e coordinador da “Revista das Letras” e da sección “Maré” do xornal Galicia Hoxe.

*A distancia do lobo* supón a súa terceira aproximación biográfica a un escritor galego: en 1992 publicou a Fotobiografía de Fermín Bouza Brey e, en 2004, *As fres mortes* de Lorenzo Varela.

Lopo deuse a coñecer como poeta con *Sucios e desexados* (88), *Manual de masoquistas* (91) ou *Fálame* (03); tamén é autor das novelas *As reliquias* (91) e *Ganga* (01). Desenvolve unha traxectoria multidisciplinar (literatura, performance, fotografía, vídeo ...). É autor, entre outros títulos, das poemarios *Om* (96) e *Fálame* (03) e da obra dramática *Os homes só cantan ata tres* (Premio Álvaro Cunqueiro 2005).



## E CANDO ESPERTOU...

E cando espertou, el aínda estaba aí, ao seu carón, esperando para ver a fermosura dos seus ollos cínsentos ao espertar. Recén abertos e sorprendidos polo mundo coma se fose novo. Eses ollos da cor da cínsa que absorbían ata o seu pensamento máis agochado e retiñan ata a súa máis rebelde mirada. Eses ollos contra os que loítara e contra os que sempre perdera. Atrápano rapidamente e lentamente libéranos. Dende o instante en que os viu, necesítounos a cada segundo da súa vida.

Cando espertou el aínda fitaba alí, ao seu carón, e non parecía ter a intención de marchar sen unha resposta. A rapaza dos ollos cínsentos non tiña por costume pensar moito as cousas, máis ben actuaba por impulsos e logo pensaba, pero neste caso era distinto. Dende o momento en que el formulou a pregunta inesperada, ela non deixou de teimar en busca dunha resposta que aínda non quería aparecer.

O rapaz de ollos tristes sempre a adorara e abofé que llo demostrara; dáballe todo o bo que tiña, entregaríase el mesmo por ela se fose preciso. **Dende o momento en que se cruzou con el naquel corredor soubo que compartiría o seu mundo con el e o resto da súa vida quíxese ou non.** E dende entón facíao. Compartía o seu mundo, que creara para ela mesma, con esa rapaz de ollos tremendamente expresivos. O seu mundo das marabillas. O mundo en que a visión das cousas era totalmente diferente e delirante e no que se tí crías en algo volvíase real. O mundo que creara onde o malo era bo e o bo mellor. Un mundo onde se ocultaba dos seus pesadelos e onde os seus segredos estaban a salvo. O seu mundo que agora era dos dous.

Así que, que máis daba? Se total xa se intercambiáran as vidas e el xa coñecía o seu mundo e os seus segredos, que máis daba? Por que non prometerlle tamén a eternidade do un para o outro? Que podía perder? Ou é que en realidade o que lle daba medo era non ser capaz de manter o que gañaría? Preferiu non reparar máis no tema agora e disfrutar das caricias e dos agarimos do rapaz de ollos tristes.

A rapaza ollos cínsentos terá tempo de pensar no asunto noutro momento.

ÁNGELA GONZÁLEZ VÁZQUEZ

3º ESO B



## HOXE SERÁ UN DÍA RARO

Hoxe vai ser un día raro. Gústanme os días raros. Son distintos, diferentes. Gústame o diferente. Gústame mirar ao meu redor e descubrir que todo é distinto, novo. Algo novo por ver, por vivir.

Xente nova a que coñecer, costumes novas ás que acostumar-me, nomes novos que recordar, cousas novas que facer, lugares novos aos que ir ... Aprender. Aprender cousas novas. Aprender de todo. Gústame aprender. Non me gusta estudar pero si aprender. Sona contradictorio pero son cousas diferentes. Para aprender non son necesarios os libros, só vivir; pola contra para estudar xustamente é o contrario. Por iso me gusta aprender pero non me gusta estudar.

Hoxe vai ser un día raro. Oxalá tódolos días fosen así, pero entón non existirían os días raros por que se non existen os comúns tampouco os diferentes, non?

Hoxe vai ser un día raro. Una nova fonte de enerxía, tristeza, alegrías, lágrimas, sorrisos ... sorrisos ou lágrimas ¿Qué tocará hoxe? Un día así pode traer calquera cousa inesperada. Iso é o bo, nunca se sabe. Nun día normal non sabes con toda certeza o que sucederá, pero si o podes supoñer: o mesmo que os outros días. Pero nun día raro nunca sabes o que pasará ata que sucede. Sorpréndete. Gústanme as sorpresas ...

**ÁNGELA GONZÁLEZ VÁZQUEZ**  
**3º ESO B**



## **FRANCIA, DESTINO DE ALUMNOS DO DAVIÑA REI**

Un total de 29 alumnos e 3 profesores do IES monfortino Daviña Rei desenvolveron entre os días 16 e 20 de maio unha estancia lingüístico-cultural en Francia, que os levou a visitar as cidades de París e Strasbourg.

Enmarcado dentro das actividades complementarias e extraescolares que organiza o departamento de francés, en colaboración coa dirección do centro, os alumnos, dos cursos 3º e 4º de ESO, así como 1º de Bacharelato, pasaron varios días no país veciño coa finalidade de practicar a lingua francesa e coñecer outras realidades dunha civilización con semellanzas e diferencias coa nosa.

Os dous destinos deste desprazamento foron dúas cidades claves no vivir francés. Por un lado París, capital da República, a chamada "Cidade da luz", enclave onde descubrir e admirar innumerables monumentos. E por outro Strasbourg, vila alsaciana, onde os estudantes coñeceron, entre outras cousas, o Parlamento Europeo e foron recibidos nas súas instalacións polos eurodeputados Luis de Grandes e Francisco Millán.

O programa establecido incluíu visitas varias en ambas vilas, así como a realización por parte dos estudantes de diversas actividades lingüísticas, con fin de practicar in situ o idioma francés, que estudian como unha das súas linguas estranxeiras no IES Daviña Rei.





## APROXIMACIÓN Á INMIGRACIÓN FEMININA EN GALICIA

por Francisco Pérez Otero

*Women are greater migrants than men*

(E. G. Ravenstein)

É necesario, para facer honor á realidade, estudar os procesos migratorios cunha nova óptica que nos permita sacar ás inmigrantes do tradicional esquecemento e situalas no lugar que lles corresponde. En certo modo pódese afirmar que a mobilidade das mulleres permaneceu silenciada e oculta, e a súa escasa visibilidade social fixo que este proceso fose case invisible ata datas recentes e ao mesmo tempo contribuíu a que fosen máis susceptibles de seren vítimas da discriminación e da explotación (Durán, 2009). Durante moito tempo o arquetipo do emigrante do século XX era un home en movemento, so, novo e descualificado, que buscaba nos países industriais de Europa Noroccidental e Central mellores condicións salariais que as do país de orixe. En cambio, considérase que as mulleres mantiñan nos procesos migratorios unha actitude sedentaria (Piete, 2004). Esta visión vén determinada pola multiseccular concepción machista da sociedade que consideraba que o home é o encargado de lograr o alimento e seguridade familiar, mentres que a muller debería coidar do fogar e da descendencia. Ante tal perspectiva, non resulta estraño entón que a emigración fose considerada como un fenómeno propio do rol masculino e que nela as mulleres tivesen un carácter fundamentalmente complementario, o de simples acompañantes. A percepción exposta comeza a mudar cara finais dos anos setenta, momento no que se engade unha perspectiva de xénero aos estudos migratorios e no que fan acto de presenza uns novos modelos explicativos destes.

Comprobemos a realidade do exposto reparando no caso concreto da inmigración galega:

O día 1 de xaneiro de 2009, segundo se reflicte no Padrón de Habitantes, residían en Galicia 52.916 mulleres inmigrantes, o que supoñía o 49,62% do continxente inmigratorio total e o 3,65% do conxunto da poboación feminina empadroada no noso país que na mesma data era de 1.446.486 persoas.



## ESES SABERES IRRELEVANTES

O saber non ocupa lugar, esta é unha frase que se dixo e se dirá sempre, pero se sabemos algo, xa sexan idiomas, cálculos, datas, ..., terán que ser correctas, non podemos dicir que  $2+2=6$  porque obviamente sería incorrecto. Que podemos responder cando nos preguntan que é máis importante, ou que saberes son irrelevantes?


Por un lado, na sociedade actual é importante o saber e o aprender, xa sexa unha conta sinxela ou aprender a falar xaponés, canto máis saibamos, máis cultura xeral teremos.

Por outro lado, para que lle vale a un estudante de Matemática (na Facultade) saber analizar sintacticamente unha oración de Lingua? A esta pregunta pareceríanlle respostas de todo tipo, uns opinarán que é irrelevante e outros opinarán o contrario. Moitos adolescentes deixan de estudar e queren poñerse a traballar. Non deberían pararse a pensar que neste mundo sen uns estudos mínimos non se pode cegar moi lonxe?

En conclusión, na educación, o saber non só vale para aprobar un exame, senón que grazas a todos os conceptos que vamos adquirindo día a día, curso a curso estamos a lograr o noso propio futuro e a nosa posterior formación académica, para que o día de mañá poidamos optar por un posto de traballo, ganando o noso propio diñeiro, tendo unha gran satisfacción e a conciencia tranquila e chea de saberes, irrelevantes ou non, cada quen que opine.

Diego Varela Somoza  
1ºBach. A





# Ollándonos nº200

I.E.S. Daviña Rei [ollándonos@hotmail.com](mailto:ollándonos@hotmail.com) 15/VI/2010

